# Boletín Oficial
## DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

EDITA : EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL
ADMINISTRACIÓN : Sección de Gestión de Recursos
Avda. de Montero Ríos, s/n - Teléfono 986 804 100

http://bop.depontevedra.es

FRANQUEO CONCERTADO 35/1

TALLERES : Imprenta de la Diputación Provincial
Paseo Domingo Fontán, s/n
Teléfono 986 873 400

Depósito Legal: PO-1-1958 — VIERNES 26 DICIEMBRE — AÑO 2008 Núm. 249

## SUMARIO

**XUNTA DE GALICIA** *Pág.*

CONSELLERÍA DE TRABALLO
SERVIZO RELACIÓNS LABORAIS

*Convenios Colectivos*

Lérez Ediciones, SL .......... 2

**ADMINISTRACIÓN**

**Municipal**

Pontevedra .......... 8
Vigo .......... 47
Baiona .......... 47
Bueu .......... 51
Cuntis .......... 51
Illa de Arousa, A .......... 51
Lalín .......... 51
Mondariz Balneario .......... 53
Ponteareas .......... 53
Redondela .......... 57
Rodeiro .......... 62
Tui .......... 62
Vilagarcía de Arousa .......... 65

*Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo* .......... 68

**ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

**Juzgados de Primera Instancia e Instrucción**

De Vigo .......... 68

**Juzgados de lo Social**

De Vigo .......... 68

**SECCIÓN NO OFICIAL**

Nota - Anuncio .......... 68

Non acreditar mediante factura ou autorización correspondente a procedencia da mercancía.

A desobediencia a atender as normas e indicacións da Policía.

Reincidencia na ocupación dun posto distinto ao asignado.

*3. FALTAS MOI GRAVES:*

O incumprimento das disposicións sanitarias aplicables ás instalacións ou produtos que se vendan.

O exercicio da actividade por persoa distinta á autorizada ou habilitada.

A instalación do posto sen a debida autorización.

A venda de produtos non autorizados.

Aquelas infraccións á presente ordenanza que sexan concordantes coas establecidas na Lei 26/1984, do 19 de xullo, xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no mencionado texto legal, así como aqueles ditados no desenvolvemento deste.

Artigo 29.—As sancións que se aplicarán serán as seguintes:

Por faltas leves: multa de 30 a 750 euros.

Por faltas graves: multa de 751 a 1.500 euros.

Por faltas moi graves:

Multa de 1.501 a 3.000 euros.

Revogación da autorización, podendo chegar ao comiso da mercancía en casos de venda de produtos non autorizados e nos casos legalmente establecidos.

Correspóndelle ao Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente da Corporación Municipal a imposición das multas.

Artigo 30.—As infraccións ao establecido nesta ordenanza serán obxecto de sanción administrativa, previa instrución do correspondente expediente sancionador tramitado con suxeición ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, que se iniciará de oficio ou por denuncia e, en particular, por incumprimento do disposto na Ordenanza reguladora da venda ambulante.

*DISPOSICIÓN TRANSITORIA*

Calquera autorización concedida con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza queda sen efecto transcorrido un mes dende a entrada en vigor, prazo dentro do cal os titulares poderán solicitar unha licenza adaptada ás prescricións desta ordenanza, e que terá unha vixencia transitoria ata finalizar o ano 2008. Tendo en conta os artigos 16 e 20 da presente ordenanza, para o ano natural do 2009 as solicitudes de licenza ou peticións de renovación de licenza efectuaranse antes do 15 de decembro de 2008.

*DISPOSICIÓN DEROGATORIA*

Queda derogada a Ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no municipio de Ponteareas vixente ata a data.

*DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA*

A venda ambulante, diaria, exercida na Praza de Bugallal dende tempo indeterminado, polas persoas incluídas no Padrón de postos de dita Praza, vixente o día da data, queda suxeita a esta Ordenanza con carácter xeral, ata extinguirse os seus dereitos coa xubilación ou falecemento dos seus concesionarios, sen que poidan transmitir ditos dereitos a terceiros.

*DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA*

Para o non disposto nesta ordenanza, estarase ao establecido nas normas de carácter autonómico, estatal ou comunitario que resulten de aplicación.

*DISPOSICIÓN DERRADEIRA*

De acordo cos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/85 do 2 de abril a presente Ordenanza entrará en vigor ós 15 días hábiles da súa publicación completa no BOP.”

Ponteareas, 9 de decembro de 2008.—O Alcalde, Salvador González Solla. **2008012912**

• • •

## REDONDELA

*Referencia 35/08*

Aprobadas definitivamente as modificacións de dezaoito ordenanzas fiscais do Concello de Redondela e cumprindo o estabelecido nos apartados 3 e 4 do artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, publícanse os textos íntegros das modificacións das ordenanzas fiscais citadas:

*ARTIGO 4. CUOTA*

De conformidade co previsto no artigo 95.4 do Real Decreto Lexislativo 2 /2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, as tarifas anuais do Imposto sobre vehículos de tracción mecánica neste Concello son as seguintes:

**CUOTA**

| *Potencia e clase de vehículo* | *Euros* |
|---|---|
| *A) Turismos:* | |
| A.1. De menos de 8 cabalos fiscais | 18,00 |
| A.2. De 8 até 11,99 cabalos fiscais | 52,00 |
| A.3. De 12 até 15,99 cabalos fiscais | 112,00 |
| A.4. De 16 até 19,99 cabalos fiscais | 142,00 |
| A.5. De 20 cabalos fiscais en adiante | 218,00 |
| *B) Autobuses:* | |
| B.1. De menos de 21 prazas | 127,50 |
| B.2. De 21 a 50 prazas | 185,00 |
| B.3. De máis de 50 prazas | 232,50 |
| *C) Camións:* | |
| C.1. De menos de 1.000 kilogramos de carga úti | 64,50 |
| C.2. De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil | 127,50 |
| C.3. De máis de 2.999 a 9.999 kilogramos de carga útil | 187,00 |
| C.4. De máis de 9.999 kilogramos de carga útil | 232,00 |
| *D) Tractores:* | |
| D.1. De menos de 16 cabalos fiscais | 24,00 |
| D.2. De 16 a 25 cabalos fiscais | 39,50 |
| D.3. De máis de 25 cabalos fiscais | 120,00 |
| *E) Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:* | |
| E.1. De menos de 1.000 e máis de 750 kilogramos de carga útil | 26,00 |
| E.2. De 1.000 a 2.999 kilogramos de carga útil | 42,50 |
| E.3. De máis de 2.999 kilogramos de carga útil | 129,50 |
| *F) Outros vehículos:* | |
| F.1. Ciclomotores | 7,50 |
| F.2. Motocicletas até 125 centímetros cúbicos | 7,50 |
| F.3. Motocicletas de máis de 125 até 250 centímetros cúbicos | 16,00 |
| F.4. Motocicletas de máis de 250 até 500 centímetros cúbicos | 31,50 |
| F.5. Motocicletas de máis de 500 até 1.000 centímetros cúbicos | 63,50 |
| F.6. Motocicletas de máis de 1.000 centímetros cúbicos | 127,00 |

*DISPOSICIÓN FINAL*

Esta ordenanza fiscal, que modifica a aprobada polo Concello Pleno o día 16 de outubro de 2003, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e aplicarase a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derrogación expresa.

**2.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO NO CONCELLO DE REDONDELA**

*DISPOSICIÓN FINAL*

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a sua modificación ou derrogación expresa.

**ANEXO**

1) Recollida e tratamento do lixo:

1.1. Vivendas

1.1.1. Cuota normal (servizo diario): 71,00 euros/ano

1.1.2. Cuota reducida (servizo non diario): 35,00 euros/ano

1.2 Establecementos

1.2.1. Despachos de profesionais e actividades comerciais de todo tipo: de 96,00 a 183,00 euros/ano.

1.2.2. Supermercados con tres ou máis traballadores/as, oficinas bancarias, restaurantes, floristerías, talleres textís, froiterías, centros de venda de productos conxelados e outros estabelecementos que polo volume de lixo xerado utilicen contedores que en total non superen os 1.000 litros por recollida; de 183,50 a 967,00 euros/ano.

O importe máximo da cuota poderase reducir nun 25 por 100 para aqueles estabelecementos que durante todo o ano dispoñan de contedores da súa propiedade e se encargen íntegramente da súa periódica limpeza, conservación, mantemento e substitución.

Os importes concretos para cada estabelecemento das cuotas indicadas este apartado fixaranse pola Comisión de Goberno en función dos informes da empresa adxudicataria do servizo de recollida do lixo e o seu transporte, referido ao volume de residuos de cada estabelecemento.

Os propietarios de pequenos talleres artesans ubicados nos mesmos edificios nos que habiten tributaran por un so concepto sempre que o volume de lixo producido non exceda do correspondente a unha vivenda, segundo informe da empresa adxudicataria do servizo de recollida de lixo e o seu transporte.

1.2.3. Tódolos estabelecementos que polo volume de lixo xerado utilicen contedores que en total superen os 1.000 litros por recollida abonarán entre 968,00 euros/ano e 7.769,00 euros/ano.

Os importes concretos para cada estabelecemento fixaranse pola Comisión de Goberno en función dos informes da empresa adxudicataria do servizo de recollida do lixo e o seu transporte, referido ao volume de resíduos de cada estabelecemento.

1.2.4. A cuota para tódalas vivendas ou estabelecementos (non incluidos nos dous apartados anteriores) situados a máis de 100 metros das zonas de recollida, será de 36,50 euros/ano.

1.2.5. O importe da taxa poderase prorratear e liquidar por anos naturais, por trimestres naturais, ou por unha combinación de ambas posibilidades.

**3.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS NO CONCELLO DE REDONDELA**

*DISPOSICIÓN FINAL*

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a sua modificación ou derrogación expresa.

**ANEXO**

A tarifa por expedición de licencias de primeira ocupación sera de 100,00 euros por cada vivenda unifamiliar, e nas edificacións colectivas sera de 66,50 euros por cada unha das vivendas que a integren.

4.—Ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedicción de documentos administrativos no Concello de Redondela.

*DISPOSICIÓN FINAL*

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a sua modificación ou derrogación expresa.

**ANEXO**

| *Documento* | *Euros* |
|---|---|
| * Certificacións e informes expedidos por calquera dependencia, autoridade ou funcionario | 1,25 |
| * Fotocopia de documentos existente en expedientes administrativos (unidade DIN A-4) | 1,01 |
| * Fotocopia de documentos a aportar por particulares para formar parte de expedientes administrativos neste Concello (unidade DIN A-4) | 0,07 |
| * Fotocopia de planos urbanísticos: segundo o custo do servizo debidamente acreditado | |
| * Bastanteo de poderes | 3,76 |
| * Información urbanística: | |
| a) De línea e rasante | 18,79 |
| b) Calquera outro concepto máis | 30,06 |
| * Expediente de ruina tramitado a instancia de parte: segundo o custo do servizo debidamente acreditado | |
| * Expedición de esbozos realizados pola policía local | 90,20 |
| * Cando se soliciten os documentos con carácter de urxencia, o importe das cuotas incrementaráse nun 54 por 100. | |

**5.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS DE AUTOTAXIS E DEMÁIS VEHÍCULOS DE ALUGUER NO CONCELLO DE REDONDELA**

*DISPOSICIÓN FINAL*

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a sua modificación ou derrogación expresa.

**ANEXO**

| *Tarifa:* | *Euros* |
|---|---|
| 1. Concesión e expedición de licencias: | |
| 1.1 Licencias das clases "A" e "B" | 151,03 |
| 1.2 Licencias da clase "C" | 50,50 |
| 2. Explotación das licencias: | |
| 2.1 Licencias das clases "A" e "B", canon anual | 37,05 |
| 3. Transmisións de licencias: | |
| 3.1 Clases "A" e "B" | 252,38 |
| 3.2 Clase "C" | 49,53 |
| 4. Autorización para substitución de automóbiles: | |
| 4.1 Licencias das clases "A", "B" e "C" | 15,18 |
| 5. Expedición e renovación de permiso municipal de conducción: | |
| 5.1. Clases "A", "B" e "C" | 10,10. |

**6.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO CEMITERIO MUNICIPAL NO CONCELLO DE REDONDELA**

*DISPOSICIÓN FINAL*

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derrogación expresa.

**ANEXO**

A tarifa desta taxa será a seguinte:

| | |
|---|---|
| a) Licencias de inhumación: | Euros |
| a.1) Persoas maiores | 39,95 |
| a.2) Nenos/as ata 15 anos | 12,77 |
| a.3) Fetos ou restos anatómicos | 6,10 |
| b) Licencias de exhumación | 12,77 |
| c) Aluguer dun nicho por seis anos | 129,85 |
| c.1) Aluguer por cada ano mais, ata un máximo de catro anos | 25,52 |
| c.2) Aluguer dunha sepultura en terra, por seis anos | 39,96 |
| c.3) Por cada ano máis | 12,76 |
| d) Conservación e adobio de cemiterio: | |
| d.1) Por cada nicho ou sepultura, en terra, anualmente | 13,32 |
| e) Concesión de parcelas para facer nichos ou mausoleos no cemiterio de Mañó: | |
| e.1) Nos terreos para facer 4 nichos (zona A4/4B) | 260,26 |
| e.2) Nos terreos para facer 3 nichos (zona A/3) | 208,10 |
| e.3) Zona de mausoleos, metro cuadrado | 194,78 |
| f) Concesión temporal de panteóns durante a existencia do cemiterio: | |
| f.1) Panteóns clase A-3, incluidos cinseiros | 1.561,55 |
| f.2) Panteóns clase B-4, incluidos cinseiros | 1.952,20 |
| g) Cambio de titularidade de parcelas e nichos: | |
| g.1) Por cada parcela para nichos | 64,92 |
| g.2) Por cada parcela para mausoleos | 194,78 |
| g.3) Por cada nicho | 103,77 |

(...)”

**8.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS AO TRAVÉS DE BEIRAVÍAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE NO CONCELLO DE REDONDELA**

*DISPOSICIÓN FINAL*

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a sua modificación ou derrogación expresa.

**ANEXO**

*Tarifa*

| *Concepto* | €/ano |
|---|---|
| 1. Estacións de servizo | 50,07 |
| 2. Talleres de reparación de carruaxes de toda clase, que non se dediquen a garaxe público | 100,12 |
| 3. Garaxes: | |
| 3.1 Até 3,5 m/l de reserva de entrada, medido no oco de entrada/saída | 20,02 |
| 3.2 Exceso, por m/l, medido no oco de entrada/saída | 20,02 |
| 3.3 Ademáis, até 2 vehículos de capacidade do garaxe | 10,01 |
| 3.4 Por cada vehículo máis | 10,01 |
| 4. Por reserva de vía pública para aparcamento exclusivo e carga e descarga de mercadorías, por cada m/l | 3,01 |
| 5. Rótulos anuais normalizados de uso obrigatorio e exclusivo a facilitar polo Concello de Redondela | 9,84 |

**9.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA NO CONCELLO DE REDONDELA**

*DISPOSICIÓN FINAL*

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a sua modificación ou derrogación expresa.

**ANEXO**

a) Núcleos urbanos de Redondela e Chapela:

| *m²* | *€/mes* |
|---|---|
| Até 6 m² | 24,81 |
| de 6,1 a 10 m² | 30,06 |
| de 10,1 a 15 m² | 89,52 |
| de 15,1 a 20 m² | 150,35 |
| máis de 20,1 m² | 225,52 |

b) Resto do termo municipal.:

50 por 100 das tarifas do apartado a).

**9.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA NO CONCELLO DE REDONDELA**

*DISPOSICIÓN FINAL*

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a sua modificación ou derrogación expresa.

**ANEXO**

| *Tarifa: Licencias* | *Unidades* | *€/día ate un máximo de 7 días* | *€/trimestre* | *€/ano* |
|---|---|---|---|---|
| Mesas solo urbano | 1 mesa e 4 cadeiras | 0,41 | 31,78 | 92,62 |
| Resto solo | 1 mesa e 4 cadeiras | 0,20 | 12,02 | 40,04 |
| Cadeiras solo urbano | unidade | 0,08 | 1,75 | 10,51 |
| Resto solo | unidade | 0,04 | 0,65 | 5,25 |

**10.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR TENDIDOS, TUBERÍAS E GALERÍAS PARA AS CONDUCCIÓNS DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, GAS OU CALQUERA OUTRO FLUIDO, INCLUÍDOS OS POSTES PARA LIÑAS, CANLES, PALOMILLAS, CAIXAS DE AMARRE, DE DISTRIBUCIÓN OU REXISTRO, TRANSFORMADORES, RAÍS, APARATOS PARA A VENDA AUTOMÁTICA E OUTROS ANÁLOGOS QUE SE ESTABELEZAN SOBRE AS VÍAS PÚBLICAS E OUTROS TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL, OU VOEN SOBRE OS MESMOS, NO CONCELLO DE REDONDELA**

*DISPOSICIÓN FINAL*

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a sua modificación ou derrogación expresa.

**ANEXO**

| *Concepto* | *Unidade* | *€/ano* |
|---|---|---|
| Raís | m/l | 0,06 |
| Postes | unidade | 3,01 |
| Fios | m/l | 0,04 |
| Anclaxes de amarre | unidade | 0,16 |
| Caixas de amarre, distribución e rexistro | unidade | 3,01 |
| Básculas que se establezan ou voen sobre vías ou terreos públicos | unidade | 6,01 |
| Aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan ou voen sobre vías ou terreos públicos | unidade | 6,01 |
| Aparatos para subministro de gasolinas e gasóleos | unidade | 6,01 |

Para as empresas explotadoras de servizos de subministros que resulten de interese xeral ou afecten á xeralidade ou a unha parte importante do vecindario, o importe da taxa consistirá en todo caso, e sen excepción algunha, no 1,5 por 100 dos ingresos brutos procedentes da facturación obtida anualmente no termo municipal polas referidas empresas; aplicándose en todo caso o estabelecido ao respecto no artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

## 11.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DE LOCAIS MUNICIPAIS PARA A CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS NO CONCELLO DE REDONDELA

*ARTIGO 5.—CUOTA*

Corresponderá abonar pola utilización do dominio público local indicado nesta ordenanza fiscal unha tarifa de 119,00 euros.

*ARTIGO 8.—ENTRADA EN VIGOR*

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a sua modificación ou derrogación expresa.

12.—Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de retirada, transporte e custodia de instalacións, elementos e xéneros relativos a calquera actividade ou comercio na vía pública sen licencia municipal e outros prestados por causas excepcionais no Concello de Redondela.

*ARTIGO 6.—CUOTA*

1. Nas prestacións dos servizos sinalados no apartado A) do artigo 2º desta ordenanza aplicaranse as seguintes cuotas:

1.1. Por retirada e transporte 60,14 euros

1.2. Por custodia. Cada día completo ou fracción, 3,76 euros

2. Nas prestacións de servizos sinalados no apartado B) do artigo 2º desta ordenanza aplicaranse as seguintes cuotas:

2.1. Por retirada e transporte:

Por cada metro cúbico: 60,14 euros

2.2. Por custodia:

Cada día completo ou fracción, e por cada metro cúbico: 3,76 euros

*DISPOSICIÓNS FINAIS*

(...)

2ª Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derrogación expresa.

## 13.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INMOBILIZACIÓN OU RETIRADA DE VEHÍCULOS NA VÍA PÚBLICA E DEPÓSITO DOS MESMOS NO CONCELLO DE REDONDELA

*ARTIGO 5.—CUOTA TRIBUTARIA*

1. A cuota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo tipo de vehículo e, no seu caso, a tonelaxe do mesmo e para o depósito o tempo de estancia no aparcamento subterráneo do paseo da Xunqueira, ou lugar de depósito alternativo dentro do termo municipal, consonte coas seguintes tarifas:

| | Euros |
|---|---|
| 1.1. Motocarros e demáis vehículos de análogas características | 59,80 |
| 1.2 Automóbiles turismos, carrocetas e vehículos de análogas características de até 1.500 kgs | 59,80 |
| 1.3 Remolques, furgonetas, furgóns e demáis vehículos análogos, con peso non superior a 1.500 Kgs | 59,80 |

1.4. No importe das cuotas indicadas nos apartados anteriores inclúese o depósito de cada vehículo até as 0 horas do día de retirada, a partir desa hora aplicaránse as tarifas indicadas no apartado 5 deste artigo .

1.5. No caso de retirada de vehículos con peso superior a 1.500 Kgs, a cuota tributaria será igual ó importe facturado polo servicio de grúa específico que contrate o Concello de Redondela para proceder á retirada de vehículos, sendo aplicabel, así mesmo, o indicado no punto 6 desta ordenanza .

2. As tarifas esixidas por inmovilización de vehículos por calquera medio mecánico ou cepos, consistirán en cada caso no 50% das indicadas no punto anterior deste artigo.

3. Inclúense na tarifa do punto anterior os vehículos inmovilizados voluntariamente polos seus titulares por avarías se logo de 48 horas o/a interesado/a non adoptará medida algunha. A estos efectos non se considerará avaría a carencia de combustibel, suposto no que se operará como se dun vehículo infractor se tratara.

4. As tarifas indicadas neste artigo, serán complementadas (a partir das 0 horas do día seguinte ó de retirada de cada vehículo) cos importes correspondentes ó depósito e garda do vehículo desde a súa recollida consonte ós prezos autorizados polo Concello á empresa concesionaria do aparcamento subterráneo do paseo da Xunqueira.

5. Para depósitos efectuados fora do aparcamento indicado no punto anterior, rexerán as seguintes tarifas ( a partir das 0 horas do día seguinte ao de retirada de cada vehículo):

| | *Euros* *Por cada 24 horas ou fracción* |
|---|---|
| 5.1 Motocarros e demáis vehículos de análogas características | 7,34 |
| 5.2 Automóbiles turismos, carrocetas e vehícu los de análogas características de até 1.500 Kgs | 14,68 |
| 5.3 Remolques, furgonetas, furgóns e demáis vehículos análogos, con peso no superior a 1.500 kgs | 14,68 |
| 5.4 Resto de vehículos con peso superior a 1.500 Kgs | 14,68 |

*DISPOSICIÓN FINAL*

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo, en vigor até a súa derrogación ou modificación expresa.

## 14.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, REFUGALLOS, VALADOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS NO CONCELLO DE REDONDELA

*DISPOSICIÓN FINAL*

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a sua modificación ou derrogación expresa.

**ANEXO**

| Primeiro: Tarifa Concepto | Categoría rúas | Unidades | Día | Euros Mes | Ano |
|---|---|---|---|---|---|
| Valos | Única | $m^2$ | 0,09 | 3,01 | 42,97 |
| Escalas | Única | m/l | 0,09 | 1,99 | 30,04 |
| Puntais | Única | por elemento | 0,09 | 3,01 | 15,01 |
| Apuntalamentos | Única | m/l | 0,09 | 1,99 | 30,04 |
| Mercadorías | Única | $m^2$ | 0,20 | 6,01 | —— |
| Materiais de construcción e cascallos | Única | $m^2$ | 0,20 | 6,01 | —— |

## 15.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN EXCLUSIVA DE VIVENDAS MUNICIPAIS AFECTAS A EDUCACIÓN

*ARTIGO 5.—CUOTA*

A cuota desta taxa sera de 149,83 euros mensuais por cada vivenda, impostos excluidos.

*DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA*

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derrogación expresa.

## 16.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APERTURA DE GABIAS, CALICATAS E CALAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL, INCLUSIVE ESTRADAS, CAMIÑOS E DEMÁIS VÍAS PÚBLICAS LOCAIS, PARA A INSTALACIÓN E REPARACIÓN DE CAÑOS, CONDUCCIÓNS E OUTRAS INSTALACIÓNS, ASÍ COMO CALQUERA REMOCIÓN DE PAVIMENTO OU BEIRAVÍAS NA VÍA PÚBLICA NO CONCELLO DE REDONDELA

*DISPOSICIÓN FINAL*

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a sua modificación ou derrogación expresa.

**ANEXO**

| *Conceptos* | *€/ml* |
|---|---|
| 1. Apertura de gabias en xeral: | |
| 1.1 Beiravías pavimentadas | 1,99 |
| 1.2.Beiravías non pavimentadas | 0,80 |
| 1.3.Calzada de vías pavimentadas | 19,93 |
| 1.4.Calzada de vías non pavimentadas | 0,79 |
| 1.5.Camiños veciñais pavimentados | 1,19 |
| 2. Construcción de cámaras subterráneas destinadas á instalación de servizos na vía pública: | |
| 2.1 Beiravías pavimentadas | 12,02 |
| 2.2.Beiravías non pavimentadas | 4,01 |
| 2.3.Calzada de vías pavimentadas | 12,02 |
| 2.4.Calzada de vías non pavimentadas | 4,01 |
| 2.5.Camiños veciñais pavimentados | 4,01 |
| 3. O importe mínimo de cada apertura de gabias ou construcción de cámaras subterráneas será de | 17,87 euros |

## 17.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNS OU RECREO NO CONCELLO DE REDONDELA

*DISPOSICIÓN FINAL*

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a sua modificación ou derrogación expresa.

**ANEXO**

**Ocupación con ou sen licencia previa**

| | | |
|---|---|---|
| a) Feira do gando: | Unidade | €/día |
| a.1.—Reses de gando maior | 1 | 1,46 |
| a.2.—Reses de gando menor | 1 | 0,60 |
| a.3.—Porcos/as de cría | 1 | 0,60 |
| **b) Postos, barracas, casetas de venda:** | | |
| b.1.—Toda clase de artigos. | Cada m2, até un máximo de 10 $m^2$ | 0,73 |
| | Cada $m^2$ que exceda de 10 $m^2$ | 0,84 |
| c) Toda clase de espectáculos, atraccións ou recreos, industrias de rúa ou ambulantes e rodaxe cinematográfica | Ate 500 $m^2$ | 27,78 |
| | Por cada 100 $m^2$ máis ou fracción | 11,53 |
| d) Feira de Chapela: | | |
| d.1.—Toda clase de artigos . | Cada $m^2$ até un máximo de 10 $m^2$ | 0,37 |
| | Cada $m^2$ que exceda de 10 $m^2$ | 0,42 |

e) Feira de artesanía:

Os artesáns para poder participar, no momento da solicitude deberán depositar unha fianza de 15 euros. Ademáis pagarán 10,50 euros por cada día dos que se celebre a feira.

A fianza devolverase ao rematar a feira, ou ben con anterioridade por razóns xustificadas ante o Concello.

O Concello por causas extraordinarias da súa competencia e responsabilidade nas que a feira non se poidese celebrar poderá reducir proporcionalmente o importe da taxa.

## 18.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE MATADOIROS, LONXAS E MERCADOS, ASÍ COMO A CARREXA DE CARNES, SE HOUBERA DE EMPREGARSE DUN XEITO OBRIGATORIO, E SERVIZOS DE INSPECCIÓN EN MATERIA DE ABASTOS, INCLUÍDA A UTILIZACIÓN DE MEDIOS DE PESAR E MEDIR, NO CONCELLO DE REDONDELA

*DISPOSICIÓN FINAL*

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2006, permanecendo en vigor até a sua modificación ou derrogación expresa.

**ANEXO**

Primeiro: Tarifa

| Mercado de Redondela | €/mes | €/día |
|---|---|---|
| a) Sala central | | |
| a.1 Bancadas | 32,70 | |
| a.2 Carnicerías | 113,23 | |
| b) Pranta baixa | | |
| b.1 Apoiados (froita) | 81,64 | |
| b.2 Bancadas | 24,49 | |
| b.3 Cafetería | 113,23 | |
| c) Primeiro andar | | |
| c.1 Apoiados | 65,31 | |
| c.2 Supermercado | 1.127,61 | |
| d) Postos por día (peixe da ría) | | 2,39 |
| e) Exterior | | |
| e.1 Postos no exterior do mercado | | 1,50 |
| Mercado de Chapela | | |
| 1. Caixóns fechados | 15,76 | |
| 2. Bancadas: | | |
| 2.1 Postos fixos de peixe | 5,24 | |
| 2.2 Postos eventuais de calquera artigo | | 21,92 |
| 2.3 Cada cesta de calquera artigo | | 0,26 |

*SEGUNDO*

Nos importes indicados enténderanse incluidos os importes correspondentes ao subministro de auga, sumidoiro e recollida do lixo de cada posto, agás supermercado.

Redondela, 19 de decembro de 2008.—O Alcalde, Xaime Rei Barreiro **2008013005**

• • •

## RODEIRO

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Rodeiro, na sesión extraordinaria celebrada o día 22 de novembro de 2008, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 1 (suplemento de crédito/crédito extraordinario) do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2008, que se vai financiar con cargo a maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente.

De conformidade co disposto no artigo 177, en relación co artigo 169, do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o expediente foi exposto ao público, polo prazo de quince días hábiles, para que calquera persoa interesada puidera consultado e formular, no seu caso, as reclamacións que estimasen pertinentes.

Ao non terse presentado reclamacións contra a devandita modificación de créditos, esta considerase definitivamente aprobada.

Unha vez realizada a modificación obxecto deste expediente, o estado de gastos do orzamento xeral do Concello para o exercicio de 2008 presenta a seguinte distribución por capítulos:

ESTADO DE GASTOS

| *CAP.* | *DENOMINACIÓN* | *IMPORTE* |
|---|---|---|
| | **Operacións correntes** | |
| 1 | Gastos de persoal | 691 666,45 € |
| 2 | Gastos en bens correntes e servizos | 1. 120,063,67 € |
| 4 | Transferencias correntes | 67.670,00 € |
| | **Operacións de capital** | |
| 6 | Inversions reais | 1.263.495,83 € |
| 9 | Pasivos financeiros | 26.960,64 € |
| | SUMA TOTAL DE GASTOS | 3.169.946,59 € |

Rodeiro, 19 de decembro de 2008.—O Alcalde, Manuel N. Salgado González. **2008012944**

• • •

## TUI

EDICTO

Quedando definitivamente aprobada a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por aproveitamento espedial de instalacións municipais para exhibir propaganda en letreiros, carteleira e similares que se atopen na vía publica, así coma o resto de expedientes de modificacións de Ordenanzas Fiscais por aplicación de que dispón o número 3 do artigo 17 do RDL 2/2004, do 05.03, TRLRFL, e para dar cumprimento ó sinalado no apartado 4 de dito artigo, insírense o texto da mesma:

*Ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial de instalacións municipais para echibir propaganda en letreiros, carteleiras e similares que se atopen na vía publica.*

No uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Tui, establece a taxa por aproveitamento especial de instalacións municipais para exhibir propaganda en letreiros, carteleiras e similares que se atopen na vía publica a que se refire o artigo 20.3 s) do R.D. Lex. 2/2004, do 5 de marzo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, con normas que atenden ó previsto no artigo 58 do mencionado Real Decreto Lexislativo.

*ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE*

Constituirá o feito impoñible desta taxa o aproveitamento especial ou utilización privativa de reloxos, carteleiras, paneis e demais instalacións de caracter municipal para exhibición de propaganda mediante carteis, letreiros e similares, que se atopen na vía publica.

Os efectos anteriores entendese por vías públicas todas as rúas, prazas, parques, xardíns e espazos libres de uso público deste termo municipal.

*ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS*

Serán suxeitos pasivos, obrigados ó pagamento das presentes taxas as persoas físicas, xurídicas ou entidades as que se refire os artigos 35 e 36 da Lei Xeral Tributaria que utilicen ou se beneficien especialmente das instalacións municipais.

*ARTIGO 3. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS*

Agás o disposto en normas de rango de legal e tratados internacionais, non se admitiran exencións nin bonificacións nas taxas reguladas na presente ordenanza.

*ARTIGO 4. COTAS*

1. Por cada $m^2$ ou fracción ó mes ou fracción 6,16 €.
2. Cando se utilicen procedementos de licitación, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación; todo elo de acordo co disposto no artigo 24.1 b) do TRLRFL.

*ARTIGO 5. DEVENGO E INGRESO*

1. As taxas reguladas na presente Ordenanza devengaranse no intre en que se inicie o aproveitamento especial ou utilización privativa.
2. No intre de solicitude do aproveitamento especial, os suxeitos pasivos ingresaran polo procedemento de autoliquidación o importe total das cotas resultantes da aplicación do artigo 4 desta Ordenanza, se o aproveitamento fose temporal.

   Se se solicita un aproveitamento continuado no tempo, deberá ingresarse a cantidade correspondente a un semestre de aproveitamento.
3. A administración tributaria municipal practicará, no caso de aproveitamentos continuados, as liquidacións sucesivas con periodicidade semestral.

*ARTIGO 6. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS*

No relativo as infraccións tributarias desta ordenanza, así coma cualificación das mesmas e sancións, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e demais normativa de aplicación.

*DISPOSICIÓN ADICIONAL*

Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial conlevase a destrucción ou deterioro do dominio publico local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que houbese lugar, estará obrigado ó reintegro do custo total dos respectivos gastos de reconstrucción ou reparación e ó deposito previo do seu importe.

Se os danos fosen irreparables, o Concello será indemnizado en contía total igual ó valor dos bens destruídos ou o importe do deterioro dos danados.

O Concello no poderá condonar total nin parcialmente as indemnizacións e reintegros a que se refire este apartado.

# Boletín Oficial

## DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

EDITA : EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL
ADMINISTRACIÓN : Sección de Gestión de Recursos
Avda. de Montero Ríos, s/n - Teléfono 986 804 100

http://bop.depontevedra.es

FRANQUEO CONCERTADO 35/1

TALLERES : Imprenta de la Diputación Provincial
Paseo Domingo Fontán, s/n
Teléfono 986 873 400

Depósito Legal: PO-1-1958 — LUNES 16 MARZO — AÑO 2009 Núm. 51

## S U M A R I O

**ADMINISTRACIÓN DEL ESTADO**

MINISTERIO DEL INTERIOR — *Pág.*

Subdelegación del Gobierno en Pontevedra.... 2

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**

**Provincial**

Diputación Provincial .................................... 6

**Municipal**

Pontevedra ........................................ 35
Vigo ........................................ 37
Cerdedo ........................................ 44
Gondomar ........................................ 44
A Illa de Arousa ........................................ 45
O Porriño ........................................ 46
Nigrán ........................................ 49
Ponteareas ........................................ 51
Salceda de Caselas ........................................ 51
Bueu ........................................ 52
Caldas de Reis ........................................ 52
Campo Lameiro ........................................ 53
A Cañiza ........................................ 53
Cotobade ........................................ 53
Forcarei ........................................ 54
Marín ........................................ 54
Moaña ........................................ 55
As Neves ........................................ 56
Poio ........................................ 56
Redondela ........................................ 56

hábil ó desta notificación. Todo isto sen prexuizo de que poida exercitar, se é o caso, calqueira outro recurso que estime procedente.

Moaña, 6 de agosto de 2008.—O secretario, Carlos Piñeiro Sarmiento. **2009002204**

* * *

## AS NEVES

### EDICTO

Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 18 de febreiro de 2009, o Padrón da Taxa por subministro domiciliario de auga correspondente o 4º trimestre de 2008, polo importe total 9.031,87 euros, establécese un período voluntario de cobranza dende o 15 de marzo ata o 15 de maio de 2009, ámbolos dous inclusive. O vencemento do prazo en período voluntario sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comenzo do procedemento de constrinximento, coa percepción do recargo da mora e demáis conceptos exisibles, tal e como se fixa no artigo 160 e 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e no artigo 91 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación.

O presente anuncio de cobranza ten carácter de notificación colectiva, de conformidade có establecido no artigo 102 da devandita Lei. Os interesados, no prazo dun mes dende a publicación deste acordo no BOP podrán presentar recurso de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente do Concello.

As Neves, 26 de febreiro de 2009.—O Alcalde-Presidente, Raúl Emilio Castro Rodríguez.

**2009002343**

* * *

## P O I O

### ANUNCIO

O Pleno desta Corporación en sesión ordinaria realizada o 24 de febreiro de 2009, acordou aprobar provisionalmente a modificación do artigo 5º da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de saneamento para o exercicio 2009.

O que se somete á información pública polo prazo de 30 días, a contar do día seguinte á publicación deste anuncio no BOP, para audiencia aos interesados e presentar as alegacións oportunas e de non presentarse ningunha alegación entenderase aprobada definitivamente, de conformidade co artigo 17.4 do Texto refundido da Lei de facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Poio, 25 de febreiro de 2009.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández. **2009002093**

* * *

## REDONDELA

O Concello Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 28.01.09, aprobou a rectificación de erros contidos no acordo de aprobación das ordenanzas fiscais para o ano 2009 publicadas no BOP nº 249 do venres 26 de decembro de 2008.

*Primeiro.*—Modificar as tarifas contidas no artigo 4. apartados F3; F4; F5; F6 da ordenanza no apartado do seguinte xeito:

*Onde dicía:*

— Motocicletas de más de 125 hasta 250 centímetros cúbicos: 16.00.

— Motocicletas de más de 250 hasta 500 centímetros cúbicos: 31.50.

— Motocicletas de más de 500 hasta 1.000 centímetros cúbicos: 63.50.

— Motocicletas de más de 1.000 centímetros cúbicos: 127.00.

*Debía dicir:*

— Motocicletas de más de 125 hasta 250 centímetros cúbicos: 15.14.

— Motocicletas de más de 250 hasta 500 centímetros cúbicos: 30.3.

— Motocicletas de más de 500 hasta 1.000 centímetros cúbicos: 60.58.

— Motocicletas de más de 1.000 centímetros cúbicos: 121.16.

*Segundo.*—Modificar as disposicións finais das dezaoito ordenanzas fiscais modificadas e publicadas no BOP nº 249 do venres 26 de decembro de 2008 do seguinte xeito:

*Onde di:*

"Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2006, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou derrogación expresa."

*Debe dicir:*

"Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2009, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou derrogación expresa."

Redondela, 2 de febreiro de 2009.—O Alcalde acctal., Xosé Carlos Pazos Docampo. **2009001177**